



I. DISPOSICIÓN XERAIS

DIRECCIÓN DO CPI AS REVOLTAS

DECRETO 1/2017, do 1 de decembro, de convocatoria de eleccións para o Congreso de Estudantes do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños.

De acordo co previsto no ditame da Dirección do CPI As Revoltas, do día 28 de novembro de 2017

DISPOÑO:

Artigo 1

Créase o Congreso de Estudantes do CPI As Revoltas, como órgano de representación suprema estudiantil de Cabana de Bergantiños.

Artigo 2

Convócanse eleccións ao Congreso de Estudantes, que terán lugar o martes, 20 de marzo de dous mil dezaoito.

Artigo 3

O Corpo Electoral estará composto por todo o alumnado de ESO do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños e todo o alumnado de 1º e 2º de Bacharelato nos Institutos do exterior, que cursaran o último ano da ESO no CPI As Revoltas.

Artigo 4

En aplicación da Lei de Centro 1/2017 do 1 de decembro de 2017, de eleccións ao Congreso de Estudantes, o número de deputados correspondente a cada circunscripción é o seguinte:

Circunscripción Electoral Nº 1: Agrupará aos cursos 1º e 2º de ESO do CPI As Revoltas e ao alumnado exterior do IES Eduardo Pondal de Ponteceso, cun total de 70 electoras e electores ao que corresponden 14 representantes.

Circunscripción Electoral Nº 2: Agrupará aos cursos 3º e 4º de ESO e ao alumnado exterior do IES Maximino Romero de Lema de Baio, Concello de Zas, ademais dos desprazados á Coruña, Santiago de Compostela e Illinois (Estados Unidos), cun total de 54 electoras e electores ao que corresponden 11 representantes.

Artigo 5

A campaña electoral durará vinte días lectivos; comezará ás cero horas do luns día dezanove de febreiro de dous mil dezaoito e finalizará ás vinte e catro horas do venres día dezaseis de marzo de dous mil dezaoito.

O luns, día dezanove de marzo, será a xornada de reflexión. Todas as actividades de campaña estarán prohibidas.

Artigo 6

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a cámara resultante reunirse para a súa sesión constitutiva o día vinte e un de marzo de dous mil dezaoito, ás dez horas e cincuenta minutos.

Artigo 7

As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei de Centro 1/2017 do 1 de decembro de 2017, de eleccións ao Congreso de Estudantes.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Xornal Oficial do Centro.

Cabana de Bergantiños, un de decembro de dous mil dezasete

Ana Fuentes
Directora

